

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|------------------|----------|---------------|
| 15025566 | IES Ferrol Vello | Ferrol | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Relixión católica | 4º ESO | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 10 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 10 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 11 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 11 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 12 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 12 |
| 7.2. Actividades complementarias | 13 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 13 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 14 |
| 9. Outros apartados | 14 |

1. Introducción

A materia de Relixión Católica na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo do alumnado, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior.

Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|---------|-------|-----|-------|
| OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido. | 1-3 | | | 1-4 | 1-2-4-5 | | 2-3 | 3 |
| OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta. | 2-5 | 3 | 5 | 3 | 3 | 1-2-4 | 1 | |
| OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do 'Reino de Deus', para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común. | 1-5 | | 3 | 1 | 3 | 3-4 | 1 | 3 |
| OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos. | 4 | 3 | | 2-3 | | 3 | | 1-2-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|-----|----|------|
| OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1 | | | | 1-3-5 | 3 | 2 | 1-3 |
| OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións. | 2-3 | | 4 | 1 | 4-5 | 1-4 | 3 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | O sentido da vida | Comprometerse co ben común significa axudar ao crecemento dos países en vías de desenvolvemento para promover a inclusión social, económica e política. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado coñecerá a resposta que as relixións dan ás preguntas sobre o sentido da vida, favorecendo o diálogo ecuménico e interrelixioso. Tomando os valores de Xesús como referencia a hora de formular o seu proxecto de vida, coñecendo a persoas que na actualidade dedican a súa vida a mellorar a vida dos demais, especialmente os máis vulnerables, e contribuíndo a fraternidade entre todas persoas. | 34 | 13 | X | | |
| 2 | A civilización do amor | Para os cristiáns é necesario construír situacións xustas e humanas. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado entenderá o sentido da solidariedade como actitude e opción de vida, descubrir como a Igrexa ao longo do tempo axudou aos máis necesitados. Coñecer os principios que moven as asociacións cristiás e a invitación da Igrexa para promover o desenvolvemento humano integral, | 33 | 11 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 2 | A civilización do amor | favorecendo a convivencia social xerando espazos de diálogo e de encontro. Cooperar na construción de sociedades xustas e democráticas, partindo da análise da realidade actual mediante unha actitude de servizo tipicamente cristiá. | 33 | 11 | | X | |
| 3 | Relación ciencia-fe | Para os cristiáns a relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura é un medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado entenderá os motivos polos que é razoable crer, e comprenderá as claves para unha relación pacífica e constructiva entre ciencia e fe, valorando as súas achegas na procura do ben común. Comprenderá a dobre cara do progreso tecnolóxico e científico, previndo as consecuencias sociais e personais dun mal uso ou dun abuso do progreso, valorando como encaixa coa xustiza social. | 33 | 11 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------|----------|
| 1 | O sentido da vida | 13 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Formular un proxecto persoal de vida con sentido que responda a valores de coidado propio, dos demais e da natureza, respectando os dos outros, tomando como referencia a Xesucristo, sendo capaz de modular estas opcións en situacións vitais complexas. | Compón un proxecto persoal de vida con sentido. Crea un proxecto de vida respondendo a valores de coidado propio e respectando os dos demais. Coida a natureza e aos demais. | TI | 100 |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros. Crea lazos de solidariedade. Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns. | | |
| CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais. | Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade de cara ao ben común. Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades. | Analiza a promoción da diversidade cultural. Expresa a achega ás experiencias propias na promoción da diversidade cultural. Domina o respecto ás diferenzas entre persoas e comunidades. | | |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo. | Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural. Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas. Aprecia o valor que pode achegar as súas creacións. | | |
| CA1.9 - Formular posibles respostas ás preguntas de sentido, coñecendo e valorando as achegas das tradicións relixiosas, en especial a proposta de sentido da vida de Xesucristo, elaborando as súas propias respostas partindo dunha análise crítica e a adaptación á súa situación persoal. | Ante as preguntas de sentido é capaz de formular posibles respostas. Coñece e valora as achegas das tradicións relixiosas á resposta do sentido. Aprecia a proposta de sentido da vida de Xesucristo. | | |
| CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro. | Coopera en contextos plurais para favorecer a convivencia social. Mostra respecto ás opcións persoais. Promove espazos de diálogo e encontro. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Situacións vitais e preguntas existenciais en relación coa construción do proxecto persoal. - Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade. - O Evanxeo como resposta á procura de sentido. - Estratexias de comunicación en distintas linguaxes das propias ideas, crenzas e experiencias en contextos interculturais. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural. - A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural. - Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------|----------|
| 2 | A civilización do amor | 11 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|-----|
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros. Crea lazos de solidariedade. Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos cumúns. | TI | 100 |
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. | | |
| CA1.5 - Cooperar activamente en proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común, inspirados na perspectiva cristiá, participando en accións de mellora da contorna e na formulación das opcións profesionais. | Participa en proxectos de responsabilidade cara ao ben común. Colabora en proxectos de coidado e responsabilidade de cara ao ben común. Participa e promove proxectos de coidado e responsabilidade cara ao ben común. | | |
| CA1.7 - Participar criticamente na promoción da diversidade cultural, expresando e achegando creativamente as experiencias propias, respectando as diferenzas entre persoas e comunidades. | Analiza a promoción da diversidade cultural. Expresa a achega ás experiencias propias na promoción da diversidade cultural. Domina o respecto ás diferenzas entre persoas e comunidades. | | |
| CA1.8 - Desenvolver sentido de pertenza a unha tradición cultural, con expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas, valorando adecuadamente a súa contribución no seu momento histórico, relacionándoas con contextos actuais e promovendo a súa memoria como legado vivo. | Adquire sentido de pertenza a unha tradición cultural. Comparte expresións sociais, artísticas, éticas e estéticas. Aprecia o valor que pode achegar as súas creacións. | | |
| CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro. | Coopera en contextos plurais para favorecer a convivencia social. Mostra respecto ás opcións persoais. Promove espazos de diálogo e encontro. | | |
| CA1.11 - Recoñecer a Igrexa, comunidade dos discípulos de Xesucristo, e o seu compromiso na amizade social como núcleos esenciais do cristianismo, valorando criticamente a súa contribución cultural e histórica. | Recoñece a Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo, Entenden a autoridade da Igrexa como un servizo aos demais. Busca a construción da fraternidade universal. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. |

Contidos

- Xesucristo como referencia para o recoñecemento e valoración positiva da dignidade humana e a solidariedade.
- A transformación social como vocación persoal e proxecto profesional.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- A Igrexa como comunidade dos discípulos de Xesucristo.
- Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas.
- A Biblia como fonte de coñecemento para entender a historia e identidade de Occidente e o diálogo intercultural.
- A vida da Igrexa como xeradora de identidade e cultura ao longo da historia: análise das súas contribucións á construción social, política e cultural.
- Respecto #ante a beleza das diversas manifestacións culturais e relixiosas como elemento de pertenza e tradición cultural.
- Valor das prácticas espirituais do monacato, a mística e a devoción popular.
- Figuras históricas e eclesiais comprometidas co ben común.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- Proxectos eclesiais que traballan a amizade social, a solidariedade interxeracional e a sustentabilidade do planeta.
- Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros.
- O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 3 | Relación ciencia-fe | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer os trazos esenciais da antropoloxía cristiá, relacionándoos cos dereitos fundamentais e a defensa da dignidade humana, verificándoos en situacións globais. | É capaz de relacionar a antropoloxía cristiá cos dereitos fundamentais. Defende a dignidade humana desde a antropoloxía cristiá. Identifica e verifica os trazos esenciais da antropoloxía cristiá en situacións globais da vida. | TI | 100 |
| CA1.3 - Asumir valores e actitudes de coidado persoal, dos outros, da natureza e dos espazos comúns, favorecendo actitudes de respecto, gratuidade, reconciliación, inclusión social e sustentabilidade. | Desenvolve actitudes sociais facéndose cargo do coidado dos outros. Crea lazos de solidariedade. Fai un uso responsable dos recursos naturais e dos espazos comúns. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA1.4 - Cooperar á construción de sociedades xustas e democráticas, fortalecendo vínculos sociais e interxeracionais, e as relacións en modelos de interdependencia, analizando a realidade, tendo en conta os principios e valores do maxisterio social da Igrexa e promovendo o desenvolvemento humano integral. | Participa na construción de sociedades xustas e democráticas. Reforza vínculos sociais e interxeracionais. Recoñece a interdependencia apreciando o seu vínculo emocional. | | |
| CA1.6 - Contribuír á fraternidade universal, contrastando criticamente o paradigma científico tecnolóxico vixente e as narrativas de progreso, coa antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá, respondendo con sensibilidade e implicación a situacións de empobrecemento e vulnerabilidade. | Analiza o paradigma científico e tecnolóxico desde unha perspectiva da fraternidade universal. Busca a construción da fraternidade universal. Contrasta a antropoloxía, a moral e a escatoloxía cristiá co progreso. | | |
| CA1.10 - Favorecer a convivencia social en contextos plurais, respectando as opcións persoais e xerando espazos de diálogo e encontro. | Coopera en contextos plurais para favorecer a convivencia social. Mostra respecto ás opcións persoais. Promove espazos de diálogo e encontro. | | |
| CA1.12 - Poñer en diálogo o saber relixioso con outras disciplinas, tradicións culturais, paradigmas científicos e tecnolóxicos e outras cosmovisións, tendo en conta os métodos propios de cada disciplina e respectando a pluralidade. | Relaciona o saber relixioso con outras disciplinas de coñecemento. Analiza as distintas tradicións culturais e relacionaas co saber relixioso. Contrasta co saber relixioso os paradigmas científico, tecnolóxicos e outras cosmovisións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo coa dignidade humana. - Razonabilidade da fe, desenvolvemento integral da persoa e fomento do ben común. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Principios e valores do ensino social da Igrexa e a súa aplicación en sociedades democráticas. - Aprecio da relación da mensaxe cristiá coa ciencia e a cultura como medio de enriquecemento do conxunto dos saberes. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Os dereitos humanos e os obxectivos de desenvolvemento sostible en relación co pensamento social cristián. - Propostas da ética social da Igrexa aplicadas aos desafíos do mundo actual e ao paradigma tecnocrático. - Actitudes e destrezas de diálogo ecuménico e interrelixioso con pleno respecto ás conviccións propias e as dos outros. - O compromiso das relixións na construción da paz e a superación da violencia e os fundamentalismos. - A esperanza cristiá e a santidad. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

- A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.

- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativa.

- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (ambientais, xeográficos, históricos, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Para levar a cabo estas actividades:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional.

- As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais.

- Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ao alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

- Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas. Utilizaremos diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa, por un lado dinámicas de cohesión de grupo; e por outro, estruturas cooperativas que se desenvolverán en diferentes momentos das unidades didácticas para traballar os contidos (Parada 3 minutos, Lapis ao centro, Folio xiratorio, Estrutura 1-2-4...).

Despois do traballo individual e grupal, realizaremos unha posta en común en gran grupo. Páxina

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Caderno ou carpeta persoal no que se irán elaborando as diferentes actividades. |
| Ordenador individual e materiais da plataforma Edixgal. |
| Libros e pizarra dixital. |
| Libros de texto do departamento, e material bibliográfico diverso: biblias, mapas, murais. |
| Fichas e carpetas de recursos individualizados do departamento. |
| Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano, etc.) |
| Revistas, diarios, información en soportes variados da Biblioteca do centro. |
| Diversos recursos lúdicos e de contido relixioso tanto en papel como na Rede. |
| Xogos e dinámicas grupais. |

Videos relacionados cos temas vistos.

O libro de texto segue un proxecto global pensado para que todo o alumnado aprenda, desenvolva as súas competencias e transfira ás aprendizaxes á súa vida. Conta cunha contorna virtual de aprendizaxe que facilita a relación entre o alumnado e o profesor e favorece un modo de aprendizaxe máis eficaz.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado, estes poden acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acrediten coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, a través dun cuestionario, test ou xogo religioso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|-----------------------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 34 | 33 | 33 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Dentro dos criterios de avaliación a asistencia a clase será obrigatoria para poder superar a materia (sempre que non haxa unha causa xustificada).

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificados cunha nota numérica de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

Criterios de cualificación:

20% corresponderá a unha avaliación con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

O restante 80% repartirase do seguinte xeito:

10% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumno e será medido a través de rúbricas.

10% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia.

60% corresponderá ao caderno de clase que deberá estar completo e correxido.

A nota final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, tendo que ser esta de 5. Se a suma das tres avaliacións é negativa, o alumno/a poderá recuperar a materia mediante a realización de actividades ou traballos sobre os contidos da programación que non estean superados, en datas anteriores á sesión da terceira avaliación.

En caso de identificación dun alumno ou alumna utilizando calquera método fraudulento, tanto nas probas escritas como nas tarefas realizadas, este fieto será sancionado como conducta contraria á convivencia e rexistarase en XADE.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación dos alumnos é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumno se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que a media das tres avaliacións non acaden a nota de 5, programarase traballo de recuperación encamiñado a que o alumno supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non

acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria. Estas actividades de recuperación serán levadas a cabo en datas anteriores á sesión da terceira avaliación.

6. Medidas de atención á diversidade

Na programación tense en conta unha serie de aspectos que permiten individualizar no posible o proceso de ensino aprendizaxe. Para iso adóptanse as seguintes medidas:

- *Distinguir entre contidos prioritarios, complementarios e de ampliación.
- *Propoñer variedade de actividades para un mesmo contido. Utilizar metodoloxías diversas.
- *Empregar materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.
- *Favorecer agrupamentos en clase que posibiliten a interacción.

O departamento de relixión tamén podería programar, en caso necesario, medidas de enriquecemento curricular para atender ao alumnado de altas capacidades, por medio de traballos en proxectos individuáis que lles permitan aos alumnos alcanzar os obxectivos e ampliar os contidos, empregando os recursos que mellor se adapten a cada alumno.

Para atender a diversidade de intereses, estilos cognitivos e ritmos de aprendizaxe propóñense en cada trimestre actividades de ampliación e reforzo.

1) Medidas ampliación:

- *Preparar actividades con diferentes niveis de dificultade dos contidos.
- *Traballar a motivación polo esforzo e a superación, buscando os seus propios interrogantes e intereses.
- *Actividades que desenvolvan as habilidades de ensinar a pensar, de como aprender, para usar fontes e materiais diversos e habilidades de comunicación.
- *Responsabilizar a este alumnado dunha dinámica de traballo na cal colaboren cos compañeiros/as.

2) Medidas de reforzo:

- *Elixir vías de traballo que ao alumno/a lle resulten motivadoras e deseñar actividades axeitadas aos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.
- *A través de diferentes dossiers/talleres, etc. Non caso de contar con algún alumno con NEAE, seguiranse as directrices do Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X |
| ET.6 - Creatividade | X | X | X |
| ET.7 - Eduación emocional e en valore | X | X | X |
| ET.8 - Fomento do espírito crítico | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|--|------|------|------|
| ET.9 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | X | X | X |
| ET.11 - Formación estética | X | X | X |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e consumo responsable | X | X | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e coperación entre iguais | X | X | X |

Observacións:

Ao traballar os mesmos descriptores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia nos proxectos de interdisciplinaria e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Xeografía e Historia, Educación Plástica e Visual, etc.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----------------|--|----------|----------|----------|
| Saida cultural | Visita a igrexas da zona, catedral, ou mosteiro de Galicia. | X | X | X |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser festas do calendario litúrxico católico (Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), Día Internacional da Paz. | X | X | X |

Observacións:

Visita as igrexas da zona para que o alumnado coñeza e valore o patrimonio cultural e relixioso que o rodea.
 Realización de actividades extraescolares conxuntas con outros Departamentos para a realización de viaxes ou actividades de interese para a área.
 Convivencias, encontros, xornadas para o intercambio de experiencias e reflexións, na zona de Ferrol.
 Realizaremos calquera actividade que se programe por parte doutros centros ou institucións educativas que nos parezan relevantes para a formación do noso alumnado e estén conectadas ao currículo da área.
 Pintado de colgantes ou caixas para levar como agasallo para a casa.
 Pintado de ovos durante a Coresma.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Regulación da práctica docente |

| |
|--|
| Metodoloxía empregada |
| Utilización dunha metodoloxía adecuada |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Preparación das sesións e os materiais didácticos |
| Medidas de atención á diversidade |
| Medidas para a atención á diversidade |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Avaliación das aprendizaxes e información do proceso aos alumnos e familia |

Descrición:

Para avaliar o proceso do ensino empregaranse os indicadores de logro que aparecen arriba. Este indicadores nos informaran de:

- * Se existe coherencia entre o programado e o desenvolvemento do curso, se a distribución temporal e equilibrada e se adecua ás características do grupo.
- * Se a metodoloxía empregada se axusta ao grupo de alumnos, se é axeitada ao desenvolvemento das súas capacidades, e se foi considerada a interdisciplinabilidade (en actividades e tratamento dos contidos.)
- * Da validez dos recursos empregados na aula.
- * Se os criterios para unha avaliación positiva atópanse adecuadamente vinculados aos contidos , se as actividades planificadas serven para acadar os obxectivos programados, e se os criterios de avaliación e de cualificación déronse a coñecer tanto aos alumnos como as familias.
- * Se se adoptaron medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, se as medidas e recursos ofrecidos foron suficientes e se se aplicaron medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo ós informes do D.O.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A revisión da programación está susexita ao proceso de avaliación , no caso de non acadar os obxectivos previstos procederase a facer axustes no tempo e na secuenciación das unidades para atender ás necesidades do grupo. Así mesmo o rematalo curso faise un informe de elementos que deben ser revisados, así como as propostas de mellora

9. Outros apartados